

# Convocatoria da Asemblea Ordinaria de persoas socias de Banca Popolare Etica

Convocatoria da **Asemblea Ordinaria de persoas socias de Banca Popolare Etica** que se celebrará en primeira convocatoria o día 27 de novembro de 2015 ás 9.30 horas na sede social de Via N. Tomaseo, 7, da cidade de Padua (Italia) e na Sucursal en España, na rúa Santa María 9, de Bilbao, e **en segunda convocatoria o día 28 de novembro de 2015 ás 10.30 horas** na cidade de Padua (Italia) no Centro de Congresos «A. Luciani» con sede en Via Forcellini, 170/a, e **na localidade de Barañáin** próxima a Pamplona, no Auditorio de Barañáin da rúa Comunidad de Navarra, 2.

Consonte o art. 26 dos Estatutos, teñen dereito a intervir na Asemblea e a exercer o dereito de voto todas as persoas inscritas no Libro de Persoas Socias como mínimo noventa (90) días antes da primeira convocatoria, é dicir, con anterioridade ao 29 de agosto de 2015.

Consonte o art. 26 dos Estatutos, cada persoa socia presente na Asemblea en representación propia ou como representante doutra persoa non poderá exercer, nin en nome propio nin por delegación, un número de votos total superior a dez (10), ademais do seu e dos casos de representación legal. Consonte o art. 3.4 do Regulamento da Asemblea, a delegación por escrito non pode ser entregada co nome do representante en branco e, ademais, o representante só poderá ser substituído pola persoa expresamente indicada no documento de delegación (Art. 2372 do Código Civil de Italia).

O documento de delegación, coa sinatura orixinal do delegante, deberase acompañar, so pena de invalidez, da fotocopia dun documento de identidade vixente no último ano. No caso dos socios que non sexan persoas físicas, a delegación, coa sinatura orixinal do representante legal do delegante, deberase acompañar da copia dun documento de identidade non caducado e da autocertificación da organización, consonte as normativas dispostas no art. 46 D.P.R. 28-12-2000, n. 445, que declare a calidade legal do representante, ou ben cunha documentación que demostre a representación legal.

Para acelerar a comprobación da lexitimidade para participar na Asemblea, as persoas físicas socias e aquelas persoas socias que interveñan na Asemblea como representantes de persoas xurídicas socias con dereito a intervir na Asemblea, poderanse **rexistrar previamente** na páxina web [www.fiarebancaetica.coop/asamblea](http://www.fiarebancaetica.coop/asamblea) **do 3 ao 20 de novembro de 2015**.

A posesión e o uso do cupón con código de barras do BancanotE permite rexistrarse facilmente tanto no caso do rexistro previo como no caso do rexistro o mesmo día da Asemblea.

Toda a información relativa atópase no BancanotE «Instrucións para participar». Así mesmo, toda a documentación sobre a orde do día da Asemblea e a prevista polas normas vixentes está depositada na Sede Legal e na Sucursal de Bilbao e está á disposición das persoas socias que queiran consultala.

Para máis información sobre as modalidades de intervención na Asemblea, consulta co Departamento de Relacións Culturais do banco: Via N. Tomaseo, 7 - 35131 Padova (Italia), correo electrónico: [assembleasoci@bancaetica.com](mailto:assembleasoci@bancaetica.com).

## **A Asemblea debaterá a seguinte orde do día:**

1. Comunicacóns do Presidente.
2. Parte extraordinaria: Deliberación sobre a modificación do estatuto.
3. Parte ordinaria: Modificación do Regulamento da Asemblea.
4. Rogos e preguntas.